

Grupo de 2 canastros

060054

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator: 3207802
Coord. UTM: X: 61554049
Y: 466577993
Concello: Sarreaus
Parroquia: CODOSÉDO
Lugar: Pazos
Tipoloxía: Arquitectura Civil
Tipo: Construcións de Almacenamento
Subtipo: Canastro



Denominación: Grupo de 2 canastros

Etaapa Histórica: Idade Contemporánea

Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Conxunto de dous canastros (Canastro 3 e 4) situados no centro da aldea, na chamada "Aira da Rúa". Son dous exemplares moi semellantes, que presentan escasas diferenzas, sendo a máis notoria o mellor estado de conservación do Canastro 4.

Ambos os dous aséntanse sobre dous pares de esteos prismáticos de base máis ancha e sección cuadrangular coas arestas rebaixadas, e dous tornarratos lonxitudinais de sección rectangular cos laterais troncocónicos. A cámara é de madeira nos dous casos, presentando porta nun dos lados penais a base de listóns verticais (Canastro 3) e de táboas horizontais (Canastro 4) e cerramento nos costais e no outro penal con doelas verticais enlazadas por faixa horizontal, que no Canastro 4 é dobre. A cuberta, con armazón de madeira e tella curva, ten beirado nos catro lados, presentando no Canastro 4 tornaventos nos lados penais. Este último presenta ademais a cámara pintada de cor verde e reforzada por puntais apoiados nuns traveseros dispostos encol das padieiras.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros
Area de Protección: 50 m.

Protección

Tipo de ben: BIC
Proposta de tipo de ben:
Estado de Tramitación: Declarado
Nivel de Protección Arq.: Integral
Proposta Nivel de Protección Arq.
Grao de Protección Arq.: -----
Proposta Grao de Protección Arq. -----
Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 449 / 1973 do Ministerio de Educación y Ciencia.
Titularidade
Polígono:
Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo
Uso Actual: Almacenamento
Alteracións Morfolóxicas
Tipo:
Data:
Descrición:
Proxecto:
Axentes:
Observacións:

Bens Mobles









